



Loitar por un novo modelo socioeconómico e afrontar as consecuencias da crise: retos da CIG para os próximos anos. Páx 2 e 3

Suso Seixo, reelixido Secretario Xeral.



Páx. 4

Os ataques do PP á nosa lingua. Páx 6 e 7

O conflito do Metal, unha loita que fai historia. Páx 8 e 9

Precariedades para todas e todas. Páx. 15

o V Congreso Confederado da CIG perfila as liñas de acción para os vindeiros catro anos



V CONGRESO DA CIG

Loitar por un novo modelo socioeconómico e enfrontar as consecuencias da crise: retos da CIG para os próximos anos

O sábado 20 de xuño daba comezo o V Congreso da CIG, baixo o lema “O sindicato que avanza canda ti. Sindicalismo nacionalista e de clase”. A xornada abriu coa presentación do Informe de Xestión, que foi aprobado con 339 votos a favor, 71 en contra e 74 abstencións. Un documento no que alén de analizar o actual contexto político, laboral e social, en plena crise económica, fai un percorrido pola conflictividade laboral en Galiza e o papel da CIG durante este período. O Informe salienta ademais o incremento na representación sindical e o espectacular avance da afiliación, que medrou nestes últimos catro anos nun 40%.

Os días 20 e 21 de xuño celebrábase en Compostela o V Congreso da CIG. Dúas intensas xornadas de debate nas que se acordou loitar por un novo modelo socioeconómico e pór en marcha os cambios necesarios para reforzar a estrutura da central sindical, facela máis operativa e adaptala ás necesidades derivadas do medre experimentado nos últimos anos. O V Congreso concluíu coa elección da nova Executiva Confederal e a reelección de Suso Seixo como Secretario Xeral.

Baixo o lema “O sindicato que avanza canda ti. Sindicalismo nacionalista e de clase”, celebrábase o V Congreso da CIG. A debate estaban os relatorios de Organización, Estatutos e Acción Sindical. Documentos nos que se analiza o actual contexto de crise económica mundial, o posicionamento da central fronte a esta e as liñas estratéxicas e de actuación para os vindeiros catro anos. Neste sentido, acordouse loitar por un novo modelo socioeconómico identificándose programaticamente cos movementos sociais e forzas políticas que propugnan a necesidade de cambios estruturais profundos que senten as bases do novo socialismo do século XXI.

A cuestión nacional

A globalización neoliberal, alén de implicar

unha grande centralización e concentración económica, tamén provocou un proceso de centralización política, que provocou “un recuar, en moitos sectores da sociedade, da identidade nacional”. Por iso, para a CIG é de especial relevancia a divulgación da cuestión nacional e a conquista de novos espazos sociais e de poder político ademais de “avanzar deica un Estado propio, unha nación soberana, para podermos decidir o noso destino e rexeitar dependencias de todo tipo, xa que a autonomía nunca respondeu totalmente ás necesidades obxectivas da sociedade galega”. Todo isto, contribuíndo ao fortalecemento do movemento nacionalista no seu conxunto.

Diálogo social e sindicalismo de clase

A política de pactos seguida por CCOO e UGT tamén foi cuestionada polo Congreso, e aínda que se recoñece que a central sindical é partidaria do diálogo social, ao igual que da participación e da mobilización, “non nos serve calquera forma que se adopte para ese diálogo social. Non aceptamos escenarios que poidan xerar confusión de intereses, negociacións escurantistas, ausencia de mobilización e a busca do consenso como unha finalidade en si mesmo,

Reforzar a organización da mocidade

O V Congreso aprobou reforzar a organización da mocidade dentro da central sindical establecendo, para iso, que haxa unha compañeira ou compañeiro que leve esta responsabilidade en todos os órganos executivos das federacións e confederais; que a nivel nacional se celebren reunións cos distintos responsábeis desta área nas comarcas e federacións e que se garanta a convocatoria de mozos e mozas, cando menos unha vez ao ano, nas comarcas para analizar de forma colectiva a problemática do momento.





pois entendemos que esta forma de diálogo social é claramente ineficaz e contraria aos intereses da clase traballadora galega”.

Negociación colectiva

En materia de negociación colectiva márcase como obxectivo, ademais da participación da clase traballadora, a necesidade de reforzar o Marco Galego, negociando os convenios aquí, procurando unificar os convenios provinciais en convenios galegos e superar a excesiva fragmentación actual de pequenos convenios de pobreza normativa e salarial. Xunto a isto considera impres-

cindíbel vencer a deriva do sindicalismo españolista “convertido en axente social, refuxiado na conciliación cos empresarios e no marco de superestrutura denominado Diálogo Social Permanente”.

Normalización do noso idioma e a nosa cultura

Nos relatorios faise tamén unha dura crítica á campaña sobre a suposta “imposición do galego”. Campaña na que o partido Popular está a ser un dos máximos expoñentes dun discurso que nega de vez o desenvolvemento social da lingua nacional de Galiza.

A afiliación medrou un 40% nos últimos catro anos

Nos últimos catro anos a CIG incrementou a súa representatividade en 1.033 delegados e delegadas, o que representa un 22,48% respecto do período anterior, situándose como segunda forza sindical en Galiza ao remate do período de concentración das eleccións sindicais, e como primeira forza nas comarcas de A Mariña, Ferrol, Santiago, en provincias como a de Pontevedra ou en sectores como Mar, Metal, Químicas, Saúde e Ensino Público.

Canto a afiliación, sitúase como primeira forza cun total de 66.504 afiliados e afiliadas con cotizacións ao día. Un incremento xeneralizado en todo o país que foi, por comarcas, do 30,73% de A Mariña ao 51,54% de Compostela ou por sectores de entre o 21,86% da FGAMT ao 53,60% de Servizos.

Estes resultados permiten reafirmar con rotundidade “o acertado da nosa acción sindical nos últimos anos, o que leva a que cada día sexan máis as traballadoras e traballadores os que ven na CIG un sindicato no que confiar e apoiar á hora de defender os seus intereses como clase e, tamén á hora de defender os dereitos de Galiza como nación”.

Unificar comarcas e federacións para mellorar o modelo organizativo

O medre experimentado obriga á central a encetar cambios na súa estrutura para facela máis operativa e adaptala ás novas circunstancias. E iso foi o que se acordou neste V Congreso. Por unha banda, iniciar un proceso de unificación de comarcas e federacións e, pola outra, consolidar as secretarías de Organización das distintas estruturas, coordinar e homoxeneizar o traballo das asesorías xurídicas, reformular a Caixa de Resistencia en relación co Fondo de Solidariedade e aproveitar as potencialidades vinculadas ás novas tecnoloxías. Todo isto para mellorar o contacto coa afiliación e mellorar tamén a organización interna.



Foi reelixido Secretario Xeral no V Congreso

Suso Seixo advirte a Feijoo e ao PP que terá na CIG unha forte oposición

Suso Seixo foi o encargado de clausurar o V Congreso, tras da súa reelección como secretario xeral cunha intervención na que, ademais de facer un percorrido polos acordos acadados e as liñas de acción sindical definidas, advertiu ao PP que terá na CIG unha forte oposición. Seixo manifestou ademais que, se a patronal e os gobernos seguen mantendo a actual liña, a CIG camiñará cara a convocatoria dunha folga xeral.

Tras facer un percorrido polos cambios organizativos e as liñas estratéxicas aprobadas neste V Congreso, o Secretario Xeral da CIG analizou a actual situación de crise económica e as súas causas, ademais de apuntar aos responsábeis da mesma. Un panorama ante o que “só nos queda unha saída á clase traballadora, apostar decididamente polo cambio de modelo económico e social”. Un cambio para o que é necesario adoptar medidas estruturais que “imos ter que conquistar mobilizándonos e pelexando na rúa e nos centros de traballo”, explicou.

Nesta loita, o secretario xeral da CIG manifestou a firme disposición da central “a traballar en común con todos aqueles que compartan connosco a necesidade de acumular forzas e dar a batalla, na defensa de medidas e cambios

que garantan unha saída favorábel aos intereses da clase traballadora” e advertiu que non se pode descartar “ningún tipo de mobilización en apoio a estas reivindicacións”.

En concreto, fixo referencia á folga xeral manifestando que a CIG entendeu desde o seu inicio que “a magnitude da crise, as causas que a motivaron, as graves consecuencias que a mesma ía ter, como de feito está tendo para os traballadores e traballadoras, a propia reacción dos gobernos saíndo, con fondos públicos, en defensa dos intereses dos responsábeis da mesma, era motivo para convocar unha folga xeral”.

Alén diso, afirmou que a CIG sigue entendendo que, se por parte da patronal se continúa na postura de reducir salarios e recortar dereitos e por parte dos gobernos non se adoptan medidas estruturais que orienten as súas políticas cara un cambio de modelo económico e produtivo, “as

organizacións sindicais debemos iniciar toda unha política de mobilizacións sociais en defensa destas medidas e dentro destas mobilizacións debe estar presente unha convocatoria dunha folga xeral”.

Forte oposición ao PP

Suso Seixo enviou tamén unha mensaxe a Núñez Feijoo e ao Partido Popular asegurando que “vai ter en nós unha forte oposición a calquera medida que queira levar adiante e que atente contra a nosa identidade, a nosa dignidade e os nosos intereses como pobo e como clase traballadora”.

Así o secretario xeral manifestou a vontade da CIG de mobilizarse en defensa da lingua galega ou ante calquera intento de privatizar servizos públicos básicos como a saúde, o ensino, as escolas infantís, os centros de día ou as residencias da terceira idade.

Seixo rematou a súa intervención reiterando que a CIG defende os intereses inmediatos da clase traballadora galega, pero tamén os seus intereses estratéxicos afirmando que “somos e queremos seguir sendo unha organización de carácter sociopolítico, fortemente implicada na loita pola emancipación social da clase traballadora e na loita pola liberación nacional do noso pobo, nunha estratexia común con todo o movemento nacional-popular galego”.



Homenaxe a Manuel Mera no V Congreso

O secretario xeral da CIG deu o seu agradecemento, en nome do Congreso e da Confederación Intersindical Galega a Manuel Mera Sánchez, logo da súa retirada da Executiva Confederal. Seixo loubou a Mera “polo teu traballo e o teu compromiso co sindicalismo nacionalista, coa CIG, co Movemento Nacionalista Galego, con Galiza e coas súas clases traballadoras”.


Así lembrou a súa vinculación ao sindicalismo nacionalista desde os seus inicios, a primeiros dos anos 70 até a actualidade. “Foi pois unha persoa de referencia do noso sindicato”, no que ocupou diferentes cargos, entre eles o de Secretario Xeral da INTG e o de Presidente da CIG. Seixo lembrou ademais a súa vinculación á emigración, coa que sempre mantivo relación e preocupación pola súa problemática.

Suso Seixo agradeceu tamén o seu labor durante estes anos a Maricarne López Santamariña, Mar Peteira, Bautista Vega, Fernando Sabio, Consuelo Martínez e a Fermín Paz, que formaron parte da Executiva Confederal elixida no IV Congreso. Fixo ademais unha especial mención a Xan Cons, que foi secretario nacional da federación de Saúde.




A Executiva Confederal distribúe as secretarías entre os novos membros


A Executiva Confederal, na súa primeira xuntanza tras do Congreso, celebrada o pasado 29 de xuño, acordou a distribución das secretarías entre os seus 12 membros. Queda pendente de desenvolver o Regulamento da Executiva, no que se definen as competencias de cada unha delas.




Suso Seixo.
Secretaría Xeral



Elvira Patiño
Organización




Ramiro Oubiña
Finanzas e Servizos



Margarida Corral
Muller e Mocidade



Antolín Alcántara
Negociación Colectiva e Saúde Laboral



Francisco Miranda
Comunicación e Propaganda



Anxo García
Formación para o Emprego



Antonio López
Emprego e Industria



Francisco Cartelle
Coordinación de Campañas



Laura Bugallo
Políticas Sociais



Manuel Currás
Institucional



Anxo Pérez
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel

A necesaria mobilización en defensa do galego

A chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza está a significar, no terreo da política lingüística, o desenvolvemento dunha ofensiva desgaleguizadora que abrangue ámbitos tan sensíbeis a esta cuestión como o ámbito educativo ou o da administración pública autonómica.

Así, no ensino público non universitario anúnciase a derogación do actual decreto que establece grosso modo un reparto de materias ao 50% entre galego e español, decreto que ademais se viña incumprindo reiteradamente nun número importante de centros de ensino do país. A intención do PP é reducir drasticamente o número de materias a impartir en galego, e para iso vai apoiar a súa actuación nunha pseudo-enquisa dirixida aos pais, para que estes poidan “elixir libremente” a lingua da educación dos seus fillos. Unha auténtica falacia que apenas enmascara o sometemento do PP ás directrices de grupos fundamentalistas e minoritarios como o autodenominado Galicia Bilingüe.

No ámbito da administración autonómica, o PP reformou o artigo da

Lei da Función Pública en que se recollía a obrigatoriedade de realizaren algunha proba en galego por parte dos aspirantes a traballaren na administración galega, polo que se abre a porta a que o persoal funcionario da devandita administración descoñeza a lingua propia de Galiza, polo que dificilmente esta vai poder funcionar normalmente en galego e, xa que logo, os cidadáns e cidadás imos ver vulnerados os nosos dereitos lingüísticos ao non sermos atendidos en lingua nas nosas relacións coa administración pública de Galiza.

Histórica manifestación do 17 de maio

Estes e outros pasos que se están a dar por parte do PP na Xunta, no que atinxe a unha política lingüística tendente a afianzar o español como lingua única da vida pública de Galiza, están a xerar unha resposta importante por parte de amplos sectores da sociedade galega, e nomeadamente desde o nacionalismo actuante no país.

Proba disto foi a impresionante manifestación en prol da lingua galega que tivo lugar na capital de Galiza o pasado 17 de maio e que reuniu

a máis de 40.000 persoas, que reclamaron da actual Xunta de Galiza unha defensa decidida da normalización do noso idioma e denunciaron as actitudes de belixerancia contra a lingua de Galiza que están a promover tanto o PP como grupos afíns ao partido que ostenta a presidencia do Goberno galego.

Contestación na rúa

Así mesmo, todas e cada unha das medidas que o PP tenta pór en marcha co fin de reducir a presenza social do noso idioma están a ter contestación na rúa, como aconteceu o pasado 23 de xuño coa concentración promovida pola CIG, e apoiada por outros sindicatos, ante o Parlamento de Galiza coincidindo co debate acerca da Lei da Función Pública e a eliminación da obrigatoriedade do galego nas probas de acceso á administración autonómica.

Dada a actitude mantida polo PP, é moi posíbel que se produzan novas agresións á lingua nos próximos meses, que deberán ter unha resposta social contundente, descalificando as actuacións do Goberno do PP e, á vez, facendo novos esforzos normalizadores que sitúen o noso idioma no lugar que lle corresponde como lingua propia e nacional de Galiza.



A persecución do PP contra o galego

Anxo Louzao Rodríguez
Secretario Nacional da CIG-Ensin

Estamos asistindo, por parte do PP, a un acoso obsesivo e permanente en contra do noso idioma. Esta persecución contra o galego forma parte dunha estratexia do Partido Popular, en todo o Estado, de reespañolización e de imposición uniformizadora, negadora da configuración plurinacional, pluricultural e plurilingüística. Coñecedores de que o idioma é un elemento de cohesión imprescindible como nación que somos e fundamental para acadar a emancipación dun pobo, non dubidan en actuar belixerantemente en contra do galego, derogando, suprimindo ou incumprindo todos os pequenos avances que fomos conseguindo. Neste contexto de persecución do noso idioma, co obxecto de extingui-lo como lingua de uso, hai que situar o rexeitamento ao Plano de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento galego, cando o PP tiña maioría absoluta, a pretensión de modificar á baixa a Lei de Normalización en vixencia desde hai 26 anos, aprobada, tamén, cun goberno do PP e a intención de derogar o Decreto 124/2007 de uso e promoción do galego no ensino.

Preténdese esquecer a historia de máis de 500 anos de colonización cultural e de persecución, prohibición, marxinación e desprestixio do galego. O seu uso continúa a ser ritual ou insignificante en ámbitos como a xustiza, a sanidade, os medios de comunicación, a docencia universitaria, o comercio, etc. Non lle importa ao PP que o alumnado maioritariamente remate os estudos con máis competencia en español que en galego e que a escola sexa un espazo de desgaleguización, pois é maior número de alumnado que entra falando en galego que o que sae falando

na nosa lingua.

Consultar, mediante unha enquisa, en que lingua se debe vehicular o ensino é tan inadecuado como preguntar se a orixe humana se debe explicar baixo a teoría da evolución ou a do creacionismo. Débese considerar, ademais, que estamos ante o dereito a coñecer o noso idioma propio.



Os dereitos non poden ser sometidos a consulta, especialmente cando se trata de procurar que as nenas e os nenos poidan exercer o dereito de coñecer o seu idioma propio para, posteriormente, como cidadáns/ás galegos/as o poidan usar. O sistema educativo como servizo público, o dereito á escolarización e os obxectivos que debe procurar a educación e o ensino en galego son cuestións que afectan ao conxunto da sociedade e non exclusivamente aos pais e ás nais.

Ademais disto, a consulta foi un proceso inzado de incidencias e irregularidades. Vulneráronse os dereitos fundamentais e pretenderon converter os centros educativos nunha canle de pensamento único

e adoutrinamento parcial e tendencioso. Anuncian austeridade e aforro, mais non teñen ningún reparo en gastar grandes sumas de euros nesta enquisa-trampa para sacar adiante un Decreto que pretenden que reduza a presenza do noso idioma no ensino.

O retroceso na política lingüística é tan grave que defenden postulados aberrantes e reaccionarios como é a segregación do alumnado por centros, segundo “a preferencia lingüística” amosada pola familia, negándolles aos nenos e nenas galegos/as o dereito básico a coñecer e a ter competencia no idioma propio de Galiza. Mentres, non teñen inconveniente en suprimir as axudas, concedidas anos anteriores a 47 centros, para potenciar o ensino en galego na educación infantil en contornos español falantes.

Este acoso permanente contra o galego, levounos a modificar tamén o Decreto que fixa o currículo de Educación Infantil, elaborado pola anterior goberno, única e exclusivamente para suprimir que “no caso de contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá.” Esta modificación infrinxe o actual Decreto de Normalización Lingüística, que continúa en vixencia.

Diante desta agresión sen precedentes contra o noso idioma, desde a CIG, emprendemos unha forte campaña que, sen lugar a dúbidas, evidenciou a fraude e a ilexitimidade da enquisa. Continuaremos dando resposta a estas agresións ao noso idioma, participando e promovendo diferentes mobilizacións e accións encamiñadas a frear, denunciar estas medidas e esixir para o galego, lingua propia de Galiza, como mínimo, os mesmos dereitos que ten o español, co obxecto de conseguir a plena normalización lingüística.

O convenio do Metal conflito de dignidade

No peche da edición deste boletín sindical os traballadores de Pontevedra levan un total de dezaoito días de mobilización. Continúan as mobilizacións e está prevista unha manifestación que contará coa participación de máis de 2.500 folguistas. O conflito seguirá a escribir nas rúas de Pontevedra.



Continúan así as mobilizacións e a folga do Metal da provincia de Pontevedra caracterizadas pola forza e vontade colectiva dos traballadores, a intransixencia da patronal, que quere render e combater a este sector polo seu modelo sindical, de combate e participativo, e pola masiva presenza policial, que cargou en varias ocasións contra os folguistas, así como polo papel da maioría dos medios de comunicación de criminalización da folga e apoio ás posicións patronais, e unha Xunta de Galiza totalmente ausente no maior conflito laboral dos últimos tempos.

Desde que comezara a negociación do convenio a principios de ano foron moitas as medidas de presión: corte das horas extras na fin de semana e na semana, folgas intermitentes, ocupacións de sedes bancarias, e logo xa no último tramo desta mobilización os paros pasaron a ser folgas



continuadas, que logo na segunda quincena de xuño serían parciais, co obxectivo de mitigar os efectos sobre os traballadores, calculando a intensidade de novas accións, como a paralización da venda de



Metal en Pontevedra: Dignidade e loita

*Traballadores e traballadoras do Metal da provincia
en folga pola negociación do seu convenio colectivo.
Marcha a pé até Compostela desde Pontevedra que
reuniu miles de participantes. A historia do movemento obreiro estase a
recriar no sur do noso País.*



coches nos concesionarios, e forzando
aos traballadores que estaban a ficar nas
súas casas a implicarse ao teren que ir aos
seus centros de traballo por non paralizar
a totalidade das xornadas laborais.

A convocatoria de dúas folgas xerais do sector, é dicir, todas aquelas empresas do Metal aínda que contaran con convenio propio, foi outro dos momentos fortes desta mobilización. A segunda destas folgas estivo convocada en solitario pola CIG, e contou co apoio e solidariedade de moitos traballadores do sector, e tivo un importante apoio na produción destas factorías. As demandas sindicais céntranse nun incremento salarial proposto dun 6%, a regulación da contratación no sector naval e a regulación da xornada laboral. As propostas que hai enriba da mesa son moi inferiores, e a CIG aposta por dar a batalla e acadar un acordo que supere

salarialmente as barreiras impostas desde Madrid pola CEOE, e por defender a dignidade do Metal de Pontevedra, un sector único e distinto, capaz de non renderse nestes tempos de crise.





Os traballadores e traballadoras da Vidreira do Atlántico secundan unha folga de 15 días continuados

Os traballadores e as traballadoras da Vidreira do Atlántico, cun conflito laboral aberto dende decembro do pasado ano, continúan coas medidas de presión na empresa. Desta volta acordaron incrementar a duración e intensidade das accións e desenvolverán 15 días continuados de folga na fábrica de Xinzo de A Limia, entre o 26 de xuño e o 10 de xullo.

Coa medida pretenden forzar á dirección da empresa para que reabra o proceso de diálogo, tras o constante incumprimento da obriga de negociar e a vulneración do dereito de folga e liberdade sindical.

Paralelamente, Comité e CIG, continúan adiante coas medidas de carácter xudicial interpostas contra a empresa, entre as que se atopan os Conflitos Colectivos formulados contra a designación unilateral da nova Mutua de Accidentes e a modificación substancial das condicións de traballo, relativa ao horario, xornada, sistema de quendas, funcións e salario, imposta a todo o cadro de persoal no mes de xaneiro do 2009.

Demandas ás que hai que engadirlle as reclamacións por incumprimento do pacto de servizos mínimos, violación dos dereitos de liberdade sindical e folga

(negativa a negociar, negativa a destruír, prohibición de entrada aos sindicatos, videovixiancia dos traballadores/as, etc.); horas extras dos últimos sete anos; reclasificación colectiva de todas as categorías profesionais, ou pola vulneración de dereitos en materia de seguranza e hixiene.

O conxunto do persoal ten secundado xa nove xornadas de folga de 36 horas nos últimos meses e mesmo ten trasladado as súas reivindicacións até León, onde BA Vidro (a multinacional propietaria da fábrica de A Limia) ten a sede para o Estado. Os traballadores tamén recibiron o apoio dos compañeiros e compañeiras das plantas portuguesas da compañía e da CGTP-IN, quen os convidou a un acto sindical informativo desenvolvido en marzo en Porto.

A CIG négase a asinar o acordo coa dirección de Povisa para un novo convenio

A CIG negouse a asinar o acordo acadado coa dirección de Povisa para un novo convenio, logo dunha semana de folga no hospital de Vigo, xa que deixa fóra ao persoal eventual e recolle unha proposta de incremento salarial moi por debaixo das expectativas das e dos traballadoras/es. Consuelo Martínez, delegada da CIG e membro do Comité, denunciou o “escándalo” protagonizado pola dirección durante a asemblea de traballadores/as, celebrada o 5 de xuño, na que se aprobou o preacordo por tan só unha diferenza de dous votos a favor.

Martínez criticou que o cadro directivo enviou a todos os mandos a votar (que non secundaron a folga) e denunciou que houbo falla de liberdade entre os traballadores/as, así como unha clara manipulación por parte da dirección sobor das informacións dadas a respecto do preacordo, co obxecto de garantir a aprobación do mesmo.

Os traballadores e traballadoras de Povisa mantiveron unha folga xeral de cinco días a finais de maio, que a pesar das ameazas e coaccións da dirección do centro, resultou un éxito total.



A Inspección de Traballo informa desfavorabelmente sobre o ERE de Ingemarga

A Inspección de Traballo informou desfavorabelmente sobre o regulación presentado por Ingemarga que afectaría a máis do 40% do persoal de terse aprobado. Non obstante, antes de coñecerse o informe da Inspección, a CIG-Construción de Lugo a solicitara á dirección de Ingemarga a retirada do expediente, logo de que máis de 55 traballadores/as se acollesen ás baixas voluntarias incentivadas propostas pola empresa. Dende a CIG-Construción de Lugo reiteraron en todo momento que o ERE non estaba xustifico, pedindo á Ingemarga o arquivo do mesmo xa que dos 64 traballadores afectados, só quedan 4 interesados en manter o seu posto.

“Non ten sentido manter o expediente cando 55 traballadores dentro do ERE se acolleron ás baixas incentivadas e outros traballadores non afectados tamén decidiron sumarse a esta medida”, sinalou o responsábel da CIG-Construción de Lugo, Antonio Niño.

A “desbandada” do persoal da boa conta das condicións laborais da empresa e da incerteza creada arredor da permanencia da fábrica en Guitiriz, unha baza da que tamén tirou proveito á dirección no momento de propor ás baixas incentivadas.

Non hai que esquecer a traxectoria conflictiva en Ingemarga, que en 2008 despediu a 30 obreiros, por causas disciplinares, aos que finalmente se veu obrigada a readmitir por mor dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Algúns destes empregados estaban incluídos no expediente.

Durante maio e xuño, o conxunto do persoal estivo secundando mobilizacións en contra do ERE con paros na fábrica, concentracións ante a administración ou unha caravana de vehículos dende Guitiriz a Lugo.



Continúan os problemas en IPISA polos atrasos salariais e o incumprimento da normativa de saúde laboral

A Dirección de IPISA teima en manter un ambiente laboral “complexo” na factoría de Valdeorras, só atendendo ás reclamacións dos traballadores e traballadoras cando acoden a medidas de presión, como a convocatoria dunha folga indefinida. A empresa é coñecida polos reiterados incumprimentos en materia de seguridade e saúde laboral, de xeito que dende a CIG de Valdeorras teñen presentado numerosas denuncias ante a Inspección de Traballo polas malas condicións das instalacións da planta de A Medua.

A dirección de Iberoitaliana de Pizarras tamén se caracteriza polos atrasos continuados no pagamento das nóminas, un feito que durante o mes de maio pasado levou aos traballadores a aprobar a convocatoria de folga de indefinida para reclamar o abonamento dos salarios impagados dende febreiro. Non obstante, á última hora e baixo a presión do paro, a dirección comprometeuse a abonar as contías adebedadas.

Pero os problemas en IPISA tamén chegan até os tribunais por causa das maneiras dos membros da dirección. O responsábel da CIG de Valdeorras, Adriano Brito, xunto cun responsábel de CCOO, denunciaron ante o xulgado do penal á Xefa de Persoal de IPISA por retención ilegal nas instalacións da empresa. A xefa de persoal impediulles abandonar o recinto da fábrica logo de que acudisen a asesorar aos traballadores. Finalmente a xustiza non actuou contra a acusada.



SEAGA rexistra a primeira folga en Galiza nunha empresa co 100% do persoal eventual

Arredor de 400 traballadores e traballadoras de SEAGA fixeron oír as súas reivindicacións no transcurso da manifestación que levaron a cabo o xoves 11 de xuño, dende a sede central da empresa pública no Polígono do Tambre de Compostela até a Consellaría de Medio Rural, reclamando a inmediata readmisión do persoal despedido e unha solución que poña fin a eventualidade dos seus postos. A marcha coincidía coa convocatoria de folga en todos os centros de SEAGA do País, cuxo seguimento dende os Comités provinciais valoraron de xeito moi positivo, "dadas as presións e as medidas da empresa para evitar que o persoal secundase o paro".

A través da mobilización, exixiuse a readmisión dos 150 compañeiros/as despedidos e reclamouse o inicio dunhas negociacións coa dirección da empresa o os responsábeis da administración que permitan rematar coa precariedade que están a padecer. De feito, o 100% do cadro de persoal é eventual, "agás seis membros da dirección". Dende os comités reclamouse tamén a destitución de toda a directiva, pois, destacaron, durante estes dous anos de existencia de SEAGA "só se dedicaron a coaccionar os traballadores/as e a coar-

tar os nosos dereitos".

Entre as reivindicacións do colectivo de traballadores tamén se atopa a solicitude de información directa e precisa sobre o futuro e obxectivos que o goberno galego ten previsto para SEAGA. Non obstante, o persoal lamentou que, a pesar da convocatoria de folga e as mobilizacións das últimas semanas, non se produciuse ningún tipo de contacto nin por parte da dirección nin da Consellaría.

A CIG-Construción realiza accións en obras nas provincias galegas contra o exceso de xornada e os baixos salarios

Os delegados e delegadas da CIG-Construción realizaron o 3 de abril unha nova xornada de mobilización, de paralización e concentración en distintas obras e infraestruturas da xeografía galega para denunciar o incumprimento sistemático do convenio no relacionado ao exceso de xornada (realízanse un mínimo de dez horas diarias de traballo) así como ás retribucións salariais que están a percibir os traballadores do sector, que cada vez se establecen máis á baixa. Desde a Federación da Construción da CIG adiantaron que esta campaña terá continuidade, «até que non se corrixa a actual situación».

Xoán Xosé Melón, secretario nacional da CIG-Construción, subliñaba a importancia desta xornada, logo da primeira acción levada a cabo en febreiro, «como un novo día de accións coordinadas e simultáneas en todo o país para denunciar os abusos que estamos a vivir no sector». O responsábel da CIG-Construción, explicou que tanto as xornadas como os salarios fixados no convenio se están a vulnerar de «forma sistemática». Melón salientou que mentres a xornada ordinaria que establece o convenio é de oito, moitos destes traballadores nas obras do AVE fan quendas de dez e doce horas.



A CIG abandona a mesa de negociación da Función Pública ante a teima da Xunta para eliminar a obriga de coñecer o galego

A CIG abandonou a Mesa de Negociación logo de que a Xunta se negase a retirar a proposta de modificación do artigo 35 da Lei da Función Pública Galega, que pretende eliminar a realización en galego dunha ou máis probas de acceso. A Xunta ignora as exixencias das organizacións sindicais que, agás CSIF, levantáronse de xeito unánime da Mesa.

Esta medida evidencia que o PP, a través do goberno da Xunta, ten como obxectivo prioritario e urxente eliminar todas as avances que fomos conseguindo para que o noso idioma sexa recoñecido e usado na administración, o que debe comportar o seu coñecemento e competencia por todos e cada un dos empregados e empregadas públicos/as.

Coa eliminación da obriga de realizar en galego como mínimo unha das probas das oposicións á función pública estase furtando o dereito a podermos ser atendidos

en galego nas administracións públicas, xa que os futuros empregados e empregadas non terán que amosar a competencia lingüística necesaria para desenvolver o seu traballo en galego.

“Estamos ante un goberno de Galiza que por moi paradoxal que semelle é anti-galego, cuxas directrices emanan de Madrid para relegar o coñecemento e o uso do noso idioma de todos os ámbitos posibles”, sinalan dende a CIG-Administración, a CIG-Ensino e a CIG-Saúde.



Caixanova pechará 23 oficinas no País que se suman aos 100 centros eliminados dende decembro

Logo de que a Federación de Banca e Aforros da CIG iniciara mobilizacións en contra do peche de oficinas no sector financeiro, Caixanova comunicou o peche de 27 oficinas en Galiza con 83 empregados/as, nun proceso de reconversión máis amplo que afectará inicialmente a 52 oficinas e 198 traballadores/as.

A finais de maio coñeciase que Caixanova ten a intención de abrir oficinas de banca privada no resto do Estado, centralizando esta en Madrid. De ser certo, sería inadmisibel: pechar oficinas en Galiza, abrir no resto do Estado e deslocalizar parte dos servizos centrais cara a Madrid. Dende o mes de decembro os procesos de reconversión iniciados por Bancos e Caixas xa levaron o peche de 100 centros de traballo (oficinas e departamentos centrais) e á destrución de máis de 500 empregos no noso País. Dende a Federación da Banca denuncian que as Entidades están recibindo inxentes axudas públicas para evitar a quebra do sector, debido a mala xestión das cúpulas directivas e á falta de control e supervisión por parte do Estado e do Banco de España.

De igual xeito, a Federación da Banca ten retomado ás mobilizacións contra do proceso de reconversión iniciado en 2007, mentres que a sección sindical de Banesto denunciou publicamente a realización de xornadas dobradas e as coaccións por parte da entidade.



Breves



Condenan a nove meses de prisión ao secretario comarcal da CIG de Ferrol

Xesús Anxo López Pintos, secretario comarcal da CIG de Ferrol, foi condenado a nove meses de cárcere, sentenza que Pintos xa anunciou que vai recorrer. A Fiscalía e a Xunta acusaron ao responsábel da CIG-Ferrol de "agredir" a un policía durante unha brutal carga policial no marco do conflito entre mariscadoras de Mugarodos no ano 2001. Durante o proceso non se tiveron en conta as declaracións das máis de 20 mariscadoras que corroboraron que Pintos non agrediu a ningún axente, senón que foi el o agredido, mentres que si se valoraron os testemuños contraditorios e imprecisos dos policías. Pintos reiterou que "non son un delincente" e achaca a decisión xudicial a unha "persecución contra o sindicalismo combativo da CIG".

Reteñen durante máis de 50 horas á técnica do departamento de Migración, Laura Bugalho

A policía retivo durante máis de 50 horas na comaría de Compostela a técnica do departamento de Migración, Laura Bugalho, por unha suposta falsidade documental. Bugalho é recoñecida pola súa participación en numerosos movementos sociais e pola súa dedicación "sen tacha" á axudar aos emigrantes tanto na tramitación de documentación como en asesoramento. Dende a central reclamouse o arquivo das dilixencias abertas contra esta compañeira e criticouse o actuación da policía.

Valoriza Conservación deberá readmitir aos traballadores/as despedidos en marzo

Os doce traballadores/as despedidos por Valoriza Conservación durante o mes marzo, alegando unha suposta baixada da actividade de conservación das infraestruturas, logo de que así o decretase a xustiza. Xaquín Agulla, da CIG-Construción de Pontevedra, sinalou, que, non obstante, aínda queda por aclarar se existía algún tipo de acordo entre a empresa e o novo goberno do PP, polo que se exonerase a esta última de cumprir o mandato da Lei de Prevención de Incendios.

2.000 traballadores/as de Correos maniféstase en contra do recorte de persoal

Uns 2.000 traballadores/as de Correos maniféstáronse en Compostela o pasado 14 de xuño contra a sobrecarga de traballo e o recorte de persoal. A empresa pública decidiu non contratar novos/as traballadores/as para cubrir as ausencias (baixas médicas, vacacións, permisos, etc.), polo que o persoal de Correos está sufrindo unha sobrecarga de traballo que afecta tamén á calidade do servizo postal no País.

A Fundación Valdegodos destina un traballador a un posto que lle ocasiona graves problemas de saúde

A CIG de Valdeorras presentou unha nova denuncia ante a Inspección de Traballo contra a Fundación Valdegodos por manter a un traballador nun posto que lle está a ocasionar un grave deterioro das súas condicións de saúde. O traballador, afiliado da CIG, ten especial sensibilidade por determinados produtos que se empregan no centro, e a empresa, coñecedora desta circunstancia, mesmo lle denegou o parte para que acudise á mutua.

Delegados da CIG en Unión Fenosa concéntranse contra a venda da central de Sabón

Os delegados da CIG en Unión Fenosa concéntranse diante da Xunta para rexeitar a venda da central de Sabón, logo de que Gas Natural se fixera co control da compañía. Dende a CIG reclámase ás Consellerías de Industria e Traballo que medien neste proceso, xa que están en xogo 137 postos de traballo directos máis os 1.500 empregos das empresas auxiliares.

As traballadoras/es de Galfrío chegan a un acordo coa empresa tras un mes de mobilizacións

A asemblea de traballadoras e traballadores de Galfrío aprobou o preacordo acadado entre a representación social e a dirección da empresa, pondo fin ao conflito iniciado tras o peche da planta de elaborados de Marín e o despedimento de máis de 50 persoas. A empresa comprometeuse a abonar indemnizacións de 36 días por ano traballado e a manter o emprego na planta de frío, cando menos, durante 3 anos.

Precariedade para todos e todas

*A autora canadense Naomi Klein desenvolve no seu libro *The Shock Doctrine a tese do capitalismo do desastre. Nos últimos trinta anos, o neoliberalismo desenvolveu unha estratexia que lle permite implantar as súas reformas sen grande oposición: agardar a que se produza un desastre (financeiro, político ou natural) para introducir impopulares medidas de choque económico. Neste punto, Milton Friedman era seguidor de Niccolò Machiavelli, que aconsellaba «facer as inxurias dunha vez», sen dar tempo de reacción aos seus destinatarios.**

Héctor López de Castro Ruíz

Un exemplo actual desa doutrina é a proposta de reforma laboral suscrita por un cento de economistas españois (www.crisis09.es), reunidos por un think tank da banca e apoiados abertamente por medios próximos ao goberno de Rodríguez Zapatero. Malia recoñeceren que a crise actual non foi provocada polo mercado de traballo, centran a súa proposta de reforma na implantación dun sistema de contrato laboral único, que supoña, entre outras medidas, establecer unha indemnización única para calquera despedimento, cunha contía progresiva en función da antigüidade do traballador ou traballadora. Non existe, porén, idoneidade entre a finalidade que se di perseguir e as medidas que se queren implantar. No noso contorno, o problema da precariedade laboral non radica tanto en que o número de tipos de contrato sexa excesivo, como na fraude xeneralizada; isto é, no enorme volume de emprego formalmente temporal (nas modalidades de obra, servizo, acumulación de tarefas ou interinidade), que podería e debería ser contratado de forma indefinida.

A proposta de contrato único,

nun alarde de simplismo, entende que a xurisdición social debería limitar a súa tutela aos despedimentos discriminatorios, que son nulos de pleno dereito. Deste xeito, desaparecería na práctica a vixente distinción entre o despedimento procedente e o improcedente. Así, coa mesma antigüidade, recibirían idéntica

indemnización un traballador despedido por un incumprimento grave e culpábel das súas obrigas laborais e outro que fose despedido arbitrariamente, sen ningunha xustificación por parte da empresa.

Sobre este particular, é preciso lembrar que, para o Tribunal Constitucional, o dereito ao traballo implica a necesaria fixación na lei dunha causa xustificativa para despedir, polo que a proposta, nos termos en que foi formulada, resulta claramente inconstitucional. Na mesma liña, a Carta Social europea garante o dereito a non ser despedido sen causa, como un elemento caracterizador do dereito comunitario, fronte ao despedimento á vontade (*hiring at will*) de ordenamentos como o estadounidense.

A proposta de contrato precario universal busca, en definitiva, profundar na liña da Lei 45/2002, do 12 de decembro, que reformou, simplificou e abaratóu o despedimento. A crise económica actual, contemplada baixo o prisma deformante do capitalismo do desastre, é unha páxina en branco sobre a cal reescribir unha lexislación laboral que proclame de vez ese escuro obxecto do desexo patronal que sempre foi o despedimento libre. Non o debemos permitir. ■



RO_BUK, 2007 (CC)



As traballadoras e traballadores de Caramelo, sen noticias do seu futuro

A patronal vén dando nos últimos meses mostras claras dos seus métodos e prácticas para coaccionar aos traballadores e ás traballadoras nunha tentativa de pasar por riba dos seus dereitos e coa máxima da rendibilidade económica a calquera prezo. Boa conta destes métodos pode dar o persoal de Caramelo, que en menos de dous meses veu como o seu posto de traballo perigaba, primeiro cun ERE e logo, co anuncio da presentación do concurso de acredores.

Manuel Jove, accionista maioritario da empresa téxtil, comunicaba o pasado mes de marzo a presentación dun expediente de regulación de emprego que, de terse aprobado, afectaría a 237 persoas na planta de A Grela. O expediente, baseado na suposta inviabilidade da empresa no caso de non reducir o cadro de persoal, recibiu duras críticas dende o primeiro día por parte do Comité e da CIG, ao non existir probas da garantía da continuidade da factoría, pois como subliñaba a responsable de téxtil da central, Dores Martínez, os despedimentos non supuñan senón o primeiro paso para a deslocalización do 100% da produción, destino que seguirían as demais seccións da fábrica coruñesa.

A dirección de Caramelo deu dende o primeiro momento probas de mala fe na negociación, negando sistematicamente a documentación necesaria para unha correcta avaliación do ERE e chegando a presentar até 3 Planos de Viabilidade distintos, antes de entregar á Consellaría o informe definitivo.

Mentres, tanto a Consellaría de Traballo como a de Economía e Industria (que posúe un 7.5% das accións de Caramelo) gardaron completo mutismo sobre os despedimentos, ignorando as solicitudes de reunión trasladadas polo Comité, de tal xeito que mesmo no Consello de Administración onde se aprobou a presentación do ERE, o representante da administración galega abstívose na votación. Esta actitude por parte da Xunta suscitou a desconfianza entre os traballadores/as de Caramelo, que vían neste silencio unha clara conivencia entre o accionista maioritario e o minoritario.

Non obstante, a unidade das e dos traballadores e o respaldo social que recibiron as mobilizacións levadas a cabo durante todo o mes de maio e xuño promoveron un cambio de actitude por parte da Xunta, mudanza que foi clara logo de coñecerse o informe desfavorábel emitido pola Inspección de Traballo, que descartaba a existencia de causas económicas ou de produción que xustificasen o ERE.

A resposta por parte do empresario a este revés non se fixo agardar: o mesmo día anunciou que ía presentar concurso de acredores e o despedimento de 25 traballadores/as aos que acusaba, supostamente, de ocasionar danos na planta de A Grela.

Jove cuestionaba coas súas decisións a autoridade da Xunta de Galiza, que acudira en último momento a mediar no conflito, e mesmo propiciara un novo marco de negociacións entre Comité e empresa, logo de que o diálogo entre ambos rachara pola inmovilidade da patronal no referido á retirada dos 237 despedimentos.

Finalmente, dentro dese novo marco de negociacións “capitaneadas” pola administración, a dirección de Caramelo acordou readmitir aos 25 despedidos/as (entre os que se atopaban varios membros do Comité), suspendéndoo de emprego, pero non de soldo; ao tempo que se comprometeu e non iniciar os procesos para presentar concurso de acredores.

Os máis de 400 traballadores e traballadoras de Caramelo en A Coruña, agardan agora expectantes o vindeiro paso de Jove, coñecedores das súas formas e do interese por trasladar á fábrica a países de Asia.

